

EDUCACIÓN SECUNDARIA

# UNIDADE DIDÁCTICA

8 de marzo



**Lara Fuentes Enjamio** (Psicóloga e Axente de Igualdade)

# ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN .....	3
8 de marzo: .....	4
E en Galicia? .....	4
O 8 de marzo nas aulas de educación secundaria .....	5
METODOLOXÍA .....	6
ACTIVIDADE 1. QUEN FIXO QUE? .....	7
OBXECTIVOS.....	7
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	7
MATERIAIS.....	8
NOTAS TEÓRICAS.....	11
SABÍAS QUE? .....	11
ACTIVIDADE 2. AS MÁSCARAS.....	12
OBXECTIVOS.....	12
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	12
MATERIAIS.....	13
NOTAS TEÓRICAS.....	13
SABÍAS QUE? .....	14
ACTIVIDADE 3. A PIRÁMIDE DAS VIOLENCIAS .....	15
OBXECTIVOS.....	15
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	15
MATERIAIS.....	16
NOTAS TEÓRICAS.....	18
SABÍAS QUE? .....	18
ACTIVIDADE 4. BANDEIRAS.....	19
OBXECTIVOS.....	19
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE.....	19
MATERIAIS.....	20
NOTAS TEÓRICAS.....	20
SABÍAS QUE? .....	21
ACTIVIDADE 5. FAKENEWS – LOIADAS .....	22

OBXECTIVOS.....	22
DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE.....	22
MATERIAIS.....	23
NOTAS TEÓRICAS.....	23
SABÍAS QUE? .....	24
BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS DE INTERESE .....	25
ALGÚNS VÍDEOS PARA UTILIZAR NAS AULAS .....	26

Edita: Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG) e CIG-Ensino.

Autora: Lara Fuentes Enjamio

Permítese a reprodución parcial ou total dos contidos desta publicación sempre e cando se realice sen ánimo de lucro e se cite a súa procedencia e autoría.

Marzo de 2023



# INTRODUCCIÓN

O sistema educativo é un recurso de socialización moi rico para desenvolver prácticas que garantan a educación inclusiva e equitativa. Educar non é só transmitir coñecementos, é recoñecible o seu poder transformador no pensamento das nenas, nenos e nenes. A educación en igualdade implica a mirada de xénero para garantir a equidade e non discriminación. Un cambio de enfoque que faría que a escola deixara de ser un mecanismo de transmisión social para converterse nun espazo para a verdadeira transformación. Esta transformación prodúcese tanto no alumnado coma no persoal docente. O labor docente non só é transformador para o alumando tamén o é para o profesorado.

O recente informe **Reimaginar juntos nuestros futuros: Un nuevo contrato social para la educación**<sup>1</sup> que consiste nunha revisión e renovación do famoso informe Delors<sup>2</sup>, entende a educación en igualdade de xénero e a loita contra as desigualdades como unha das prioridades curriculares para o futuro da educación. Segundo este informe, os principios subxacentes á igualdade deben aprenderse desde idades temperás e en todas as etapas educativas. Os valores en igualdade han de ser coherentes en todas as contornas onde as crianzas e rapazada socializa, como é o fogar, as aulas, o patio, a escola e a comunidade. A estas contornas máis “clásicas” debemos engadir as redes sociais e os medios de comunicación, espazos de relación e por conseguinte de socialización.

A socialización enténdese como aquel proceso que atravesamos as persoas para converternos en membros dunha sociedade pero esta socialización non é igual para unhas que para outros. Os espazos educativos reproducen de acordo con esta teoría da socialización diferencial de xénero, códigos e normas de conduta asignadas a cada sexo e as nenas e os nenos adquiren unha identidade diferenciada. A pesar dos moitos avances en materia de igualdade, sigue habendo fortes diferenciacións e xorde o coñecido como espellismo da igualdade. Este concepto, definido por Amelia Valcárcel, fai referencia a falsa aparencia de igualdade froito do recoñecemento da igualdade formal entre todas as persoas. É dicir, no momento en que non existen leis claramente discriminatorias, como pasaba ata tempo recente, enténdese que a igualdade xa existe e que as desigualdades poden entenderse, unicamente, como cuestións

---

<sup>1</sup> Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación (2022). Reimaginar juntos nuestros futuros: un nuevo contrato social para la educación. Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

<sup>2</sup> Delors, J. (1996). “Los cuatro pilares de la educación” en La educación encierra un tesoro. Informe de la UNESCO de la Comisión Internacional sobre Educación para el siglo XXI. Santillana/UNESCO.

individuais.

Así e todo a desigualdade entre mulleres

e homes segue sendo algo real e tanxible, evidenciada nos datos de pobreza, emprego, salarios, posicións de poder ou vítimas de violencia machista.

Por todo isto, camiñar cara unha pedagogía e escola coeducativas, pasa primeiro por recoñecer o modelo sexista, androcéntrico e lgbtifóbico que temos para posteriormente analizar como se reproducen na escola e por último, aplicar medidas e actuacións para converter a escola nun espazo coeducativo real.

Esta unidade didáctica pretende ser unha ferramenta de utilidade para o persoal docente que lle permita incluír no currículo educativo a perspectiva de xénero.

## 8 de marzo:

Aínda que non será ata o 1997 en que a Organización das Nacións unidas aprobe unha resolución para declarar o 8 de marzo o Día Internacional da Muller, este foi o resultado de máis dun século de mobilización en prol dos dereitos das mulleres.

As manifestacións feministas de mediados do século XIX en Estados Unidos e Inglaterra, directamente vinculadas coas consecuencias da industrialización, foron sinaladas como grandes fitos na historia feminista e da conmemoración do 8 de marzo. Nestas mobilizacións as mulleres demandaban mellores condicións de traballo e o recoñecemento do dereito fundamental ao voto. En marzo de 1875 centenaes de mulleres da fábrica téxtil de Nova York protestaron e manifestáronse pola desigualdade salarial respecto dos seus compañeiros. Estas protestas desencadenaron unha brutal represión que terminou co asasinato de 120 traballadoras.

## E en Galicia?

O que non é tan sabido é que en Galicia tamén se produciron importantes mobilizacións de mulleres por motivos similares.

En 1857 produciuse a primeira folga de mulleres da historia de España levada a cabo na fábrica de Tabacos da Coruña, onde traballaban miles de mulleres nunha situación moi precaria. Entraban a traballar arredor dos sete ou oito anos, cunhas xornadas de doce ou trece horas a traballar e pasaban na fábrica toda a vida cobrando un soldo miserento, entre a metade e un terzo do que cobraban os

homes. Fartas das malas condicións e da mecanización que poñía en risco os seus traballos, o sete de decembro dese ano iniciaron unha protesta na que destruíron grande parte da maquinaria.

O 8 de marzo que hoxe en día coñecemos é o resultado de diversas loitas sociais que se uniron para reivindicar os dereitos das mulleres.

A primeira manifestación con motivo do día da muller produciuse en 1976 e, non estando autorizada, foi reprimida pola policía. Un ano despois, coincidindo coa proclamación da ONU, España celebrou a primeira concentración autorizada con motivo do 8-M, onde as mulleres españolas aproveitaron para reivindicar cuestións como a necesidade de recibir educación sexual, a legalización da venda de anticonceptivos e a despenalización do aborto.

Corenta anos despois de reivindicacións, chegouse a ao 8-M do 2018, un fito histórico no que millóns de mulleres de todo o mundo secundaron a Folga Internacional Feminista. Desde ese momento, milleiros de mulleres saen á rúa para denunciar as desigualdades de xénero

## O 8 de marzo nas aulas de educación secundaria

A intervención educativa sobre os estereotipos sexistas, roles de xénero e outras formas de discriminación das mulleres, resulta determinante na etapa adolescente. Esta é unha etapa de cambios e transición pero tamén de incompreensión e certo determinismo xeracional (asociar a todas as persoas dunha mesma xeración os mesmos aspectos psicosociais). A conmemoración do 8 de marzo ha de ser un tema a traballar nas aulas pero sempre da man dunha intervención transversal e continua sobre estas temáticas. A coeducación é un factor protector da violencia de xénero, que promove a supresión de falsas crenzas e anima a actuar de maneira máis autónoma e libre de estereotipos marcados por roles de xénero.

# METODOLOXÍA

As actividades que se recollen nesta unidade didáctica están baseadas en metodoloxías participativas e vivencias, nas que o alumnado forma parte activa do seu proceso de aprendizaxe. Estas facilitan a adquisición de conceptos e contidos a partir de dinámicas que fomentan a reflexión, o traballo autónomo e colaborativo e o pensamento crítico. Fomentaranse as vías para a comunicación non violenta e o establecemento de relacións igualitarias na rapazada.

A formulación metodolóxica desta unidade didáctica utiliza un enfoque integrador de xénero, articulado en actividades participativas e lúdicas que resulten motivadoras tanto para o profesorado como para o alumnado.

Con estas unidades didácticas procuramos o afastamento da visión adultocéntrica da rapazada. As actividades que aquí se presentan entenden ao profesorado nunha posición de orientador/a nos intereses do alumnado. É fundamental considerar dun modo protagónico os discursos e actuacións da rapazada para coñecer as súas propias experiencias e subxectividades e considerar as nenas e nenos como suxeitos políticos e sociais capaces de interpretar a súa realidade e de transformala. Con estas actividades queremos favorecer canles para o fomento dos valores igualitarios, xerando un espazo de confianza e aprendizaxe mútua, a través da reflexión crítica e o xogo.

# ACTIVIDADE 1. QUEN FIXO QUE?

## OBXECTIVOS

- Dar a coñecer a diferentes mulleres relevantes ao longo da historia.
- Recoñecer o proceso de invisibilización das mulleres na ciencia.
- Fomentar a investigación

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

### 1º FASE:

En primeiro lugar, colocaranse as cartas deseñadas para a actividade boca abaixo. (FICHAS Nº1 do apartado de MATERIAIS). O alumnado terá que ir levantándoas ata unir a carta que contén a imaxe da muller con aquela que ten a imaxe e o nome.

Na parte de atrás das cartas, aparecen uns códigos, que terán sentido na segunda fase da actividade.

### 2º FASE:

O alumnado repartirase en pequenos grupos e cada un terá as dúas cartas da muller (a da imaxe e a da imaxe e o nome). Coa axuda da Táboa de códigos (MATERIAIS) que estará agochada pola aula, descubrirán o significado dos números agochados no reverso das cartas. Descubrirán que se trata dunha palabra chave para descubrir a achega de cada muller. Coa axuda desta pista, serán quen de agrupar a cada muller coa súa contribución na historia (Fichas nº 2).

Unha vez que todos os grupos teñan asociada a cada muller coa achega, expoñerán para o resto da aula o seu resultado e comprobaranse que todas as mulleres están correctamente colocadas.

### 3º FASE

Co obxectivo de afondar máis nas historias agochadas e non contadas, cada grupo preparará unha pequena exposición sobre aquela muller que lle tocou. Utilizarán o soporte que máis se axuste ao tipo de exposición que se desexen realizar: un póster, unha presentación powerpoint, un vídeo, unha representación teatral, un podcast etc. Na seguinte sesión, cada grupo fará unha breve exposición sobre cada unha das mulleres do xogo.




## MATERIAIS

- Táboa de códigos.
- Fichas nº1
- Ficha nº2
- Cartolinas, rotuladores, ordenador, proxector etc.

### Táboas de códigos:

M	20	Z	16
L	2	X	2
I	14	V	1
H	24	U	12
G	17	T	19
F	25	S	4
E	18	R	22
D	7	Q	23
C	21	P	5
B	13	O	26
A	9	N	15

Fichas nº1 (a modo de exemplo)



## Fichas nº2 (a modo de exemplo)



Futbolista galega que foi capitá da selección española e galega de fútbol. Emabaixadora da UEFA para o desenvolvemento do **fútbol** feminino



Primeira muller científica que recibiu un premio nobel. Entre os seus logros inclúese o desenvolvemento da teoría da **radioactividade**.



Astrofísica galega especializada en galaxias espirais. Foi contratada no servizo de enxeñería de sistemas da **NASA** e nomeada persoa de referencia.



foi a primeira muller en Europa en pilotar un avión, feito que conseguiu o 12 de outubro de 1913 despegando desde Sanxenxo con 23 anos.

## NOTAS TEÓRICAS

A invisibilización é o proceso de ocultación das mulleres e da súa historia. Trátase dunha forma histórica de violencia contra as mulleres, propia do andocentrismo, en virtude da que se ignoran e manteñen ocultos nomes e pasaxes históricas e sociais relevantes protagonizadas por mulleres.

O resultado é a ausencia de referentes, e o coñecemento parcial, sempre masculino, da Historia. Pero tamén da Filosofía, da Literatura, da Política, da Arte, da Ciencia... en definitiva, o esquecemento intencionado dos actos, logros e pensamentos da metade da poboación, tanto dun modo xenérico, como en exemplos concretos en que moitos homes recibiron o recoñecemento que correspondía ás súas compañeiras.

## SABÍAS QUE?

Ao longo da historia, moitas científicas viron invisibilizados os seus descubrimentos ou atribuídos a homes, un fenómeno que deriva do chamado efecto Mateo, proposto en 1968 polo sociólogo Robert King Merton, que tomou o nome da parábola dos talentos enunciados por este evanxelita "Porque a quen ten, daráselle e terá máis, pero ao que non ten quitaráselle aínda o que ten" (Mateo 25: 13-30). Este efecto Mateo facía referencia a que os investigadores que xa alcanzaran o recoñecemento seguen concentrando o mellor financiamento, premios ou proxectos. Curiosamente, Robert King Merton asinou este artigo en solitario, a pesar de que o escribira xunto á tamén socióloga Harriet Zuckerman. Décadas despois, a historiadora Margaret Rossiter, da Universidade de Conell, cuñou a expresión **efecto Matilda**, a versión feminina do efecto Mateo, para a supresión sistémica de información sobre mulleres na historia da ciencia, e a negación da contribución das mulleres científicas na investigación, cuxo traballo a miúdo se atribúe aos seus colegas masculinos.

# ACTIVIDADE 2. AS MÁSCARAS

## OBXECTIVOS

- Reflexionas sobre os condicionantes de xénero.
- Ofrecer modelos de masculinidade positiva.
- Identificar os estereotipos de xénero que afectan a rapazas e rapaces.
- Reflexionar sobre as actitudes e comportamentos libres de condicionamentos de xénero.

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

O alumnado terá a súa disposición un folio e bolígrafos ou rotuladores de cores.

Indícase que o alumnado debuxe unha máscara grande, que ocupe a maior parte do papel, co estilo que máis lle guste. Podemos proxectar algunhas ideas.

Unha vez que todo o mundo teña debuxada a súa máscara, no lado visible escribirán (poden acompañalo de debuxos) as características que máis lle gustan de si mesmos/as e que lles tratan de amosar ás demais persoas.

Abrimos unha rolda de comentarios, para que quen queira explique que tipo de características escribiu. Neste momento, podemos introducir un debate sobre as características socialmente valoradas e se son as mesmas para rapazas e rapaces. Tamén pode dar pé a reflexionar sobre a imaxe que damos de nós mesmas ao mundo.

A continuación, pedimos ao alumnado que polo dorso da máscara, escriban as características de si mesmas/os que non lle gustan especialmente e que non lles gusta amosar ao resto do mundo.







**Imaxes: freepik**

Comentamos as características expostas e reflexionamos sobre por que hai algunhas que son desexables socialmente e outras non. Tamén é importante visibilizar se isto depende dos mandatos de xénero.

Para entender a maneira na que nos facemos mulleres e homes, podemos recorrer á metáfora desta máscara. Ser home/ser muller non consiste só en selo, tamén hai que parecelo ante as demais persoas. A masculinidade, ao igual que a feminidade, é unha representación pública avaliada polas demais.

## MATERIAIS

- Folios, bolígrafos, rotuladores.
- Pantalla e proxector.

## NOTAS TEÓRICAS

As presións sociais para enmarcarnos dentro dos roles e estereotipos esperados para as mulleres, tamén crean traxes axustados para os homes. Diferentes persoas expertas sobre o tema recorren ao termo masculinidade hexemónica, como aquela dominante, que lexitima as estruturas patriarcais. Algúns dos piares sobre os que se construíu a considerada "masculinidade hexemónica" é que esta sempre está en dúbida. Parecera como si fose necesario ir superando certas probas ou retos para acadala: "Ser un home de verdade, demostra que es un home..." A construción desta masculinidade está estreitamente relacionada coa homofobia e o rexeitamento con todo o que teña que ver coa feminidade. A

masculinidade non xorde por si mesma, senón que se xera por oposición ou negación do feminino: “non sexas unha nena”, ou por oposición e negación dos homosexuais: “non sexas marica”. A masculinidade identifícase co rol activo, o poder, a subxectividade, a agresividade e rexeita o socialmente asociado ao feminino: a sensibilidade, os coidados etc. Outro dos efectos desta “masculinidade” obsérvase no ocultamento sistemático de emocións e unha peor xestión destas. É interesante esta frase tan común e cargada de tanto significado: “non chores que non chorar é de nenos” “non chores que es un home”... Pouco a pouco este tipo de cuestións crean normas, dictan o desexable. Non só falamos de chorar, senón do acceso ás emocións ante diferentes situacións. Os rapaces e homes aprenderon a expresar de maneira lexítima as emocións a través da rabia e en moitas ocasión coa violencia. Os datos sobre o uso da violencia non teñen dúbida. A maior parte dos asasinatos e agresións son producidos por homes a outros homes. O 90% das mulleres e o 96% de homes asasinados/as no mundo foron a mans de homes.

En resumo, preséntase un modelo único para ser home, unha masculinidade singular que non permite a variedade, castiga a disidencia e impide a innovación. Realmente masculinidades hai tantas como persoas que as presentan, ao igual que as feminidades.

## SABÍAS QUE?

Segundo os datos recollidos no estudo “La caja de la masculinidad. Construcción, actitudes e impacto en la juventud”<sup>3</sup> arredor do 32,2% dos rapaces son conscientes de que os mandatos da masculinidade hexemónica tradicional non se axustan á realidade e o 58% cuestiónase este modelo.

---

<sup>3</sup> Sanmartín Ortí, A., Kuric Kardelis, S. & Gómez Miguel, A. (2022). La caja de la masculinidad: construcción, actitudes e impacto en la juventud española. Madrid: Centro Reina Sofía sobre adolescencia y juventud, Fundación Fad Juventud. DOI: 10.5281/zenodo.7319236. Dispoñible [aquí](#).

# ACTIVIDADE 3. A PIRÁMIDE DAS VIOLENCIAS

## OBXECTIVOS

- Comprender o carácter estrutural da violencia machista.
- Identificar as violencias machistas máis invisibles.
- Reflexionar sobre o compoñente cultural das violencias.

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Nesta actividade divídese en dúas fases, nas que se combina a identificación das diferentes formas de violencia machista, coa comprensión e identificación dentro dun sistema estrutural e cultural que as lexitima.

### **Fase 1. Representación de violencias.**

Dividimos o alumnado en catro grupos (adaptar segundo o número de alumando). Cada grupo recibirá uns papeis con diferentes formas de violencia (en tamaño grande e plastificado). O alumnado terá uns minutos para organizarse e representar cada unha das violencias ao resto do grupo. Algunhas das tarxetas terán un símbolo que representa que para a interpretación desa violencia non poderán falar, só poderán recorrer á expresión corporal e mímica.


O resto de grupos terá que observar atentamente e tratar de identificar a que tipo de violencia se están referindo.

### **Fase 2. Situamos as violencias**

Coa axuda dunha proxección ou na parede/mural o alumnado terá que ir situando cada unha das violencias na pirámide.

Para iso, haberá algunhas guías: violencia visible, invisible, cultural, estrutural e algunhas mostras de exemplos.





**Imaxe: elaboración propia**

### **Reflexión:**


A pirámide da violencia é unha representación das diferentes formas de violencia e as súas representacións. Coa axuda desta representación gráfica explicaremos conceptos como a escaleira da violencia. Tamén reflexionaremos sobre a idea de que por cada muller asasinada (máxima expresión da violencia), milleiros de mulleres están sufrindo violencias psicolóxicas, millóns violencias sociais, etc. Poñeremos o fincapé en que na base da pirámide atópanse violencias cotiás e sutís pero que están dando sustento aos seguintes chanzos da pirámide. A base, a raíz da violencia, atópase no social e cultural.

## **MATERIAIS**

- Impresión das formas de violencia en tamaño grande.
- Adhesivo
- Ideas/conceptos chave para situar na pirámide. (pódense utilizar as formas de violencia coas cores para situar na pirámide ou con fondo branco)

ASASINATO
AGRESIÓN FÍSICA
VIOLACIÓN
ABUSO SEXUAL
AMEAZAR
BERRAR
INSULTAR
DESVALORIZAR
CULPABILIZAR
IGNORAR
HUMILLAR
DESPRAZAR
HUMOR SEXISTA
CONTROLAR
INVISIBILIZAR
PUBLICIDADE SEXISTA
ANULAR
MICROMACHISMOS
SOCIEDADE PATRIARCAL

- Proxector/ Pantalla coa pirámide en branco ou coas palabras chave (INVISIBLE, VISIBLE, FORMAS EXPLÍCITAS E FORMAS SUTÍS)



## NOTAS TEÓRICAS

A pirámide da violencia é unha representación gráfica na que se establece unha relación entre a extrema violencia física e outras formas de violencia máis sutís, de carácter simbólico e estrutural (é dicir, que involucra o funcionamento de toda a sociedade). A imaxe utilizada é unha creación baseada no traballo do sociólogo Johan Galtung, que establecen que as causas da violencia directa contra un colectivo determinado están relacionadas coa violencia estrutural ou xustificadas pola violencia cultural que as lexitima e alimenta.

## SABÍAS QUE?

Segundo os últimos datos do [Barómetro de Xuventude e Xénero 2021](#), un de cada cinco varóns de 15 a 29 anos cre que a violencia de xénero non existe e é só un "invento ideolóxico". Tamén aumenta a opinión de que a violencia é inevitable, que é habitual e que, se é de pouca intensidade, non supón un problema.

# ACTIVIDADE 4. BANDEIRAS

## OBXECTIVOS

- Identificar diferentes formas de violencias acontecidas nas redes sociais.
- Recoñecer actitudes e comportamentos tóxicos nas relacións de parella.
- Identificar os límites persoais e o posicionamento ante diferentes situacións e formas de violencia de xénero.
- Reflexionar sobre o uso adecuado das redes sociais nas relacións.

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Nesta actividade procuramos que o alumnado sexa quen de posicionarse e xustificar a súa opinión ante diferentes situacións. Para acompañar esta reflexión, entregaráse a cada persoa tres tarxetas: unha verde, unha laranxa e unha vermella.

Faranse unha serie de afirmacións e o alumnado deberá levantar a tarxeta que considere: verde (se están de acordo), laranxa (se non saben posicionarse, se queren comentar algo) e vermella (se están en contra e rexeitan ese comportamento ou actitude).

A continuación, algúns enunciados a modo de exemplo:

- Estar pendente dos “me gusta” que recibo nunha foto nas miñas redes sociais.
- Invitar a unha persoa que coñezo a cear á miña casa a través de *whatsapp*.
- Se non está celosa ou celoso é que non me quere.
- Facer comentarios sobre o aspecto físico nas redes sociais.
- Revisar as mensaxes de *whatsapp* da miña parella.
- Pedir os contrasinais das redes sociais da miña parella.
- Nunha relación non pode haber segredos.
- Ter amizades en común coa miña parella pero tamén amizades diferentes.
- Pedir a nosa parella que as conversas importantes se manteñan en persoa e non a través de *whatsapp*.
- Por amor hai que perdoalo todo.
- Comprender que as mensaxes non teñen que ser respondidas inmediatamente.
- Difundir unha imaxe íntima doutra persoa nas redes sociais.
- Etc.

Despois de cada enunciado e posicionamento do grupo, podemos dar voz ás persoas que responderon con tarxetas de diferentes cores. Preguntar sobre os motivos ou razóns e que expliquen o seu posicionamento. Cada un dos enunciado pode dar pé a reflexionar sobre diferentes contidos:

- O control a través das redes sociais.
- A comunicación en parella.
- Relacións de parella abusivas.
- Os piares dunha relación saudable.
- A sobreexposición nas redes sociais.
- Ciberacoso e cyberbullying nas redes sociais.
- Mitos do amor romántico.
- Etc.

## MATERIAIS

- Tarxetas de cor verde, laranxa e vermello para todo o alumnado.
- Pantalla, proxector.



## NOTAS TEÓRICAS

As redes sociais e internet son espazos onde se producen todo tipo de actividades e condutas, entre as que inclúen as violencias ou ciberviolencias. Non son novas formas de violencia, son as mesmas formas de violencia adaptadas ás contornas dixitais. A violencia de xénero é unha forma de violencia que afecta ás mulleres, ás rapazas e ás nenas polo mero feito de selo e engloba calquera acto violento ou agresión, baseado nunha situación de desigualdade entre mulleres e homes e que ten ou pode ter como consecuencia un dano físico, psicolóxico, social etc. As violencias de xénero tamén se producen nos contextos dixitais a través do control, o acoso ou a sextorsión.

**Cibercontrol:** vixiancaia continuada dos teléfonos móbiles e redes sociais (perfís, conversas, imaxes etc). Tamén pode ser o envío insistente de mensaxes e a

esixencia de resposta inmediata. O rapaz ou home que exerce o control, trata de maquillalo como “amor” ou “confianza”.

**Ciberacoso sexista:** intromisión repetitiva e non consentida na vida dunha rapaza. Nesta práctica hai unha intención de controlar, dominar ou amedentrar. Realízanse comentarios sobre as características físicas, ou os comportamentos socialmente considerados pouco axeitados para as mulleres a través de mensaxes ou publicacións.

**Sextorsión:** chantaxe para que a vítima realice determinada acción baixo a ameaza de publicar ou compartir imaxes íntimas.

## SABÍAS QUE?

O termo *redflag* comezouse a popularizar nas redes sociais. *Redflag* (bandeira vermella) relaciónase co perigo, cunha sinal de advertencia dun comportamento, actitude ou escenario perigoso. Utilízase para evidenciar actitudes ou comportamentos negativos. Nas relacións de parella as *redflags* poden indicar sinais de alarma dunha relación non igualitaria ante comportamentos de abuso verbal, emocional, psicolóxico e físico. En *instagram, tiktok e twitter* utilízase este termo para visibilizar a violencia de xénero e os sinais de alarma. O uso deste termo é algo moi positivo, xa que a rapazada aprende a identificar e nomear (cun termo propio) este tipo de comportamentos e actitudes.

# ACTIVIDADE 5. FAKENEWS – LOIADAS

## OBJECTIVOS

- Identificar noticias e publicacións falsas.
- Aprender a contrastar información.
- Reflexionar sobre o impacto das noticias falsas e a *desinformación* nos medios dixitais.
- Sensibilizar sobre a importancia do uso adecuado dos contidos dixitais.

## DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Para realizar esta actividade, o alumnado terá á súa disposición unha serie de noticias e *bulos* ou loiadas publicadas nas redes sociais e medios.

Dividiranse en pequenos grupos e traballarán sobre unha das noticias ou publicacións. Informáraselles sobre onde buscar información veraz (normativa, medios fiables, buscas inversas de imaxes, páxinas que se dedican a desmontar noticias falsas, etc.).

A continuación preséntanse dous exemplos que se poden utilizar na aula:



GOBIERNO DE ESPAÑA MINISTERIO DE IGUALDAD IMPRESO DE CONSENTIMIENTO DE RELACIONES SEXUALES Modelo 69

**DATOS DE LA CONSENTIDORA**

APellidos y nombre: \_\_\_\_\_  
D.N.I. nº: \_\_\_\_\_ Fecha nacimiento: \_\_\_\_\_

**DATOS DEL CONSENTIDO**

APellidos y nombre: \_\_\_\_\_  
D.N.I. nº: \_\_\_\_\_ Fecha nacimiento: \_\_\_\_\_

**DATOS DE LA RELACIÓN SEXUAL**

FECHA: \_\_\_\_\_ POBLACIÓN: \_\_\_\_\_  
HORA INICIO: \_\_\_\_\_ HORA FIN: \_\_\_\_\_

FIRMA CONSENTIDORA: \_\_\_\_\_ FIRMA CONSENTIDO: \_\_\_\_\_

La Asociación Española de ABOGADOS PENALISTAS recomienda la cumplimentación previa de este impreso a cualquier HOMBRE que se disponga a mantener RELACIONES HETEROSEXUALES CON MUJERES, incluyendo los casos en que exista VINCULO MATRIMONIAL, sea éste de naturaleza civil o religiosa.

**El Ministerio de Igualdad advierte:  
MANTENER RELACIONES SEXUALES  
PUEDE SER PENALMENTE PERJUDICIAL  
PARA LOS HOMBRES HETEROSEXUALES**



Tamén é interesante que alumnado recolla durante unha semana mensaxes, twitts, publicacións ou vídeos sobre esta temática que viran nas súas redes sociais e que poidan utilizalas para realizar a actividade.

Cada grupo presentará ao alumnado os achados sobre a noticia ou publicación e unha reflexión sobre o impacto que este tipo de noticias teñen na percepción social da igualdade e da violencia de xénero.

Para rematar, realizarase un cartel informativo por grupo (en papel ou en formato dixital) para colocar nos corredores do centro educativo co obxectivo de informar ao alumnado da importancia de contrastar a información que se viraliza nas redes, de non compartir este tipo de contido e as ferramentas para discernir entre a verdade e a mentira.

## MATERIAIS

- Noticias falsas
- Folios e bolígrafos
- Cartulinas, rotuladores.
- Ordenadores.

## NOTAS TEÓRICAS

As *fakenews* fan referencia a un tipo de loitada compartida a través de internet. A información falsa que circula por redes sociais pode provocar agresións simbólicas e directas cara certas persoas ou colectivos. O auxe deste tipo de contido coincide cun momento no que existe un gran espellismo da igualdade. Este é un termo definido por Amelia Valcárcel que pon o foco na falsidade, nunha falsa aparencia froito do recoñecemento formal da igualdade entre todas as persoas. É dicir, no momento en que non existen leis claramente discriminatorias, como pasaba ata tempo recente, preténdese que a igualdade xa existe e que as desigualdades poden entenderse, unicamente, como cuestións individuais.

Porén, os datos poñen en evidencia as fondas desigualdades sociais existentes entre homes e mulleres. A pobreza, o reparto dos cuidados, os salarios, o acceso aos postos de poder, as cifras de emprego, as vítimas da violencia machista son moitas das cifras que ilustran o moito que queda por facer.

Así e todo, vivimos nun contexto no que o discurso do odio contra o movemento feminista está en auxe e estas mensaxes están calando entre a xente máis nova.

As noticias falsas e os *bulos* buscan desacreditar o movemento feminista, restar importancia á violencia de xénero e a todas as discriminacións e desigualdades existentes.



## SABÍAS QUE?

Existen ferramentas dixitais para verificar imaxes e vídeos e evitar dar credibilidade e difundir noticias falsas. Pódense facer buscas inversas en *google* imaxes para verificar imaxes e programas como *InVid* ou *Youtube Data viewer* para o caso dos vídeos.

Ademais existen páxinas como [Maldita](#) que ten unha sección especializada en desmontar mitos e mentiras arredor da violencia de xénero e a igualdade. Podes consultala premendo [aquí](#).

## BIBLIOGRAFÍA E RECURSOS DE INTERESE

Álvarez, Carrera e Cid (2017) **¿Juegos de niñas y juegos de niños? La influencia de los estereotipos de género en la elección de juguetes.** *Revista de estudios psicológicos y educación*, nºExtra 5.

AS-PG e CIG-Ensino. **Coeducación. Alicerce do ensino.** Disponible [aquí](#).

AS-PG e CIG-Ensino. **Tecendo redes de igualdade.** Disponible [aquí](#).

Bacete, Ritxar (2017) **Nuevos hombres buenos. La masculinidad en la era del feminismo.** Península.

Canales, Valverde-Montesino, Herranz-Hernández (2020) **"Socialization of Gender Stereotypes Related to Attributes and Professions Among Young Spanish School-Aged Children"**. *Front. Psychol.*, 24 April 2020.

Chao, Luca (2023) **Feminismo en cen palabras.** Editorial Galaxia

Comisión Internacional sobre os Futuros da Educación (2022). **Reimaginar juntos nuestros futuros: un nuevo contrato social para la educación.** Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura.

Delors, J. (1996). **"Los cuatro pilares de la educación"** en **La educación encierra un tesoro.** Informe de la UNESCO de la Comisión Internacional sobre Educación para el siglo XXI. Santillana/UNESCO.

Domínguez, Yolanda (2021) **Maldito estereotipo. ¡Así te manipulan los medios y las imágenes!** Penguin Random House

Duque, Isa (2022) **Acercarse a la generación Z. Una guía para entender a la juventud actual sin prejuicios.** Zenith

Entreculturas (2020). **Un mundo en igualdad.** Fundación Entreculturas.

Junior Report. **Mujeres en el deporte (2020-2021).** Disponible en <https://subscriber.junior-report.media/es/mujeres-en-el-deporte/>

Pintos, Xoana (2021) **Tiven a chave, a bicicleta e os catro libros.** Primeiras científicas na Universidade de Santiago. Editorial Galaxia.

Ranea Triviño, Beatriz (2021) **Desarmar la masculinidad.** Catarata.

Rodríguez, E., Calderón, D., Kuric, S., Sanmartín, A., (2021). **Barómetro Juventud y Género 2021. Identidades, representaciones y experiencias en una realidad social compleja.** Madrid. Centro Reina Sofía sobre Adolescencia y Juventud, Fad. DOI: 10.5281/zenodo.5205628

Rey e Rolland (2021) **Pioneiras da ciencia en Galicia.** Editorial Galaxia

Sanmartín Ortí, A., Kuric Kardelis, S. & Gómez Miguel, A. (2022). **La caja de la masculinidad: construcción, actitudes e impacto en la juventud española.** Madrid:

Centro Reina Sofía sobre adolescencia y juventud, Fundación Fad Juventud. DOI: 10.5281/zenodo.7319236. Disponible [aquí](#).

Secretaría Xeral da Igualdade (2021). **Guía coeducativa para os centros escolares de Galicia**. Disponible [aquí](#).

Tomé González, Amparo; Subirats Martori, Marina (2007) **Balones fuera: reconstruir os espazos desde la coeducación**. Barcelona, Editorial Octaedro.

UNESCO Etxea (2018). **Guía didáctica. Construyendo feminidades y masculinidades alternativas, diversas e igualitarias**. UNESCO.

## ALGÚNS VÍDEOS PARA UTILIZAR NAS AULAS

No more matildas: [https://www.youtube.com/watch?v=Fx0ztzf-2V0&ab\\_channel=%23NoMoreMatildas](https://www.youtube.com/watch?v=Fx0ztzf-2V0&ab_channel=%23NoMoreMatildas)

Como perciben os nenos a fenda salarial?  
[https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab\\_channel=DineroEnImagen](https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab_channel=DineroEnImagen)

Experimento noruego. Nenos e fenda salarial entre mulleres e homes:  
[https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab\\_channel=DineroEnImagen](https://www.youtube.com/watch?v=XIW01sw2LTk&ab_channel=DineroEnImagen)

No te ha pasado que? Micromachismos:  
[https://www.youtube.com/watch?v=WVRKdakH6fw&ab\\_channel=elDiarioes](https://www.youtube.com/watch?v=WVRKdakH6fw&ab_channel=elDiarioes)

Someone swapped the batman and catwoman character models:  
[https://www.youtube.com/watch?v=JUWBoYwAgaE&ab\\_channel=PhantomThiefIrwin2](https://www.youtube.com/watch?v=JUWBoYwAgaE&ab_channel=PhantomThiefIrwin2)

La mente en pañales. Educación. Educación diferencial:  
[https://www.youtube.com/watch?v=gGhwwp-mA4s&ab\\_channel=Coeducacci%C3%B3Cooperativa](https://www.youtube.com/watch?v=gGhwwp-mA4s&ab_channel=Coeducacci%C3%B3Cooperativa)

Anuncio australiano. Domestic violence commercial:  
[https://www.youtube.com/watch?v=c96dktDFgyk&ab\\_channel=CarolinaPoerio](https://www.youtube.com/watch?v=c96dktDFgyk&ab_channel=CarolinaPoerio)

Que significa facer algo como unha nena?:  
[https://www.youtube.com/watch?v=u2zY90c5dVg&ab\\_channel=G%C3%A9neroyMetodolog%C3%ADas](https://www.youtube.com/watch?v=u2zY90c5dVg&ab_channel=G%C3%A9neroyMetodolog%C3%ADas)

Por que a xente cree nas *fakenews*?:  
[https://www.youtube.com/watch?v=2uCNW8s57nU&ab\\_channel=elDiarioes](https://www.youtube.com/watch?v=2uCNW8s57nU&ab_channel=elDiarioes)

"1977" La Peque:  
[https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&ab\\_channel=RosaSanchisiCaudet](https://www.youtube.com/watch?v=MV4GyYp4Ku4&ab_channel=RosaSanchisiCaudet)

Consentimento a través dunha cunca de té:  
[https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8&t=1s&ab\\_channel=LaVozdeAsierSola](https://www.youtube.com/watch?v=E4WTnJCMrH8&t=1s&ab_channel=LaVozdeAsierSola)

"Conectar sin que nos raye" Psico Woman:  
[https://www.youtube.com/watch?v=xJx93ZGyJ44&ab\\_channel=PsicoWoman](https://www.youtube.com/watch?v=xJx93ZGyJ44&ab_channel=PsicoWoman)

